



Tertulias Literarias



Olga Novo

Olga Novo é doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Voz destacada da poesía contemporánea en galego, é autora dunha obra entroncada con propostas radicais surrealistas e libertarias, marcada ademais por un profundo vitalismo telúrico, o feminismo, a memoria agraria e o erotismo.

Dos seus tres primeiros poemarios publicados, *A teta sobre o sol* (1996), *Nós nus* (1997, Premio Losada Diéguez de Creación) y *A cousa vermella* (2004), a crítica xa destacou a súa fervenza vivencial e a súa forza expresiva, unidas a unha fonda e persoal sensualidade. Con posterioridade publicou *Cráter* (2011), Premio da Crítica.

Asimesmo, é autora de dous poemarios en colaboración: *Magnalia* (2001), co tamén poeta Xoán Abeleira e a pintora Alexandra Domínguez; e *Monocromos* (2006), co pintor Concetto Pozzati. Tamén ten publicado libros de ensaio e colabora con varias publicacións culturais (*Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna*, *Xistra*) e xornais (*El País*, *ABC*). Tras licenciarse en Filoloxía Galega compaxinou o labor literario co ensino.

No 2019 publicou *Feliz idade*, obra coa que consegue o [Premio Nacional de Poesía 2020](#).



Feliz idade, de Olga Novo

Recensión no caderno Fugas (La Voz de Galicia, 2019)



Hai moitos misterios por desvelar neste libro de Olga Novo. Nel circulan algunhas evidencias que apuntan a que Feliz Idade está alimentado por un substrato metafórico que bebe da xeometría, da arte e da música; tamén dun sólido afán libertario, ofrecido por xunto niso damos en chamar poesía, en palabras da autora, entendida como “un acto radical de vida” e percorrida por un vibrante factor emocional.

En efecto, este é un libro marcado pola vida, por unha esencia telúrica profunda e única, tan maravillosamente novoneyriana. Hai un movemento de sístole-diástole que fai latexar a súa cerna impulsada por unha procura incesante do punto de encontro, mais ben un intre, que se dá entre unha neta -Lúa- e un avó que, cos “arados de Heidegger” a arrasaren unha “mente de terra”, realiza un camiño á inversa: inicia unha singradura cara á infancia, cara á aprendizaxe que xa non pode ser, mentres os espectros, familiares ou comunais, poboan os espazos cotiáns e axexan desde a proximidade. Desde aí formúlase unha viaxe iniciática que repara no comezo de todo, na propia concepción, nun big-bang que nos despraza á experiencia da fertilidade, á preñez como “dimensión exacta da poesía”, á fe na continuidade da estirpe.

Novo convídanos aquí a saber ver e a sentir a poesía, algo que facilita porque repara, con efectividade e optimismo, na vivencia da poesía antes de convertela en poema: nese atender ás cousas cotiás, aos acenos, aos signos que se volven pronunciar para que volvan existir. Unha incursión que alumea, queima, inquire ou formula propostas inesquecibles como eses textos antolóxicos titulados “Tríscele” ou “O poder non pode”.

Hai máis neste libro heteroxéneo cheo de imaxes visionarias como un case nunca lera. Velaí seccións que sosteñen outras modulacións de carácter máis simbólico ou metafísico na busca e descrición dunha “beleza indómita” ou no amor cósmico que alicerza esta “feliz idade”. Unha alquimia que nos conduce a un fento que se non é de Barnsley, ese da teoría de caos e da xeometría fractal, ben vale que sexa de Vilarmao para vermos con el a harmonía desvelada coa palabra.

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2019/05/03/feliz-idade-de-olga-novo/>



Feliz idade (Lecturafilia, 2019)

Radica unha certa maxia nesa circunstancia na que conflúen a morte e o nacemento. Ambos procesos vitais son totalmente contrarios e, ao tempo, evocan a inocencia, o momento que nos leva a crer que a vida sempre dá voltas e quítanos unhas persoas mentres nos ofrece a posibilidade de coñecer outras.

A poeta luguesa Olga Novo escribe sobre ambos procesos vitais nun poemario que titulou *Feliz Idade*, nunha clara alusión ao nacemento da súa filla e ao ocaso da vida do seu pai, que nela crearon sensacións de volta ás orixes e de defensa da esencia do día a día. Cada poema prende en nós a chama da reivindicación e da vida. Dividido en seis partes (Fogonazo, Poesía en posición fetal, Zona tigre, Da beleza indómita, Amor es e Harmonía fractal), e escrito cunha beleza moi apegada á terra e ao rural que esmorece e no que tantas raíces ten a autora, os poemas que máis sentimos son eses nos que detectamos as relacións entre a vida e a morte. O amor ao pai que esquece a súa identidade nos momentos finais da súa vida e ese embrión do que xermola unha meniña que continuará co seu legado.



Feliz Idade contén moitísima sabedoría popular, mesturada esta cunha reivindicación moi forte do propio corpo feminino e impactando de cheo en nós con versos que saben a nostalgia mais dos que se desprende, ao mesmo tempo, unha gran ledicia e esperanza nos tempos presentes e futuros.

*“Agora
eu mírote extasiada mentres dormes
e disólvome no costro fulgurante
coma unha estrela que lle dera de mamar fósforo ao ceo.
E falo na linguaxe que non serve
na linguaxe da sílaba primeira:
deséxoche que sexas amada tolamente
e que ningún poder poida
amainar nunca
a túa
Feliz
Furia”.*



Tertulias Literarias

Un poema este dedicado especialmente á súa filla Lúa, á que por certo dedica todo o libro, coa certeza de que, en palabras da autora, “medres libre e firme cos pés postos nesta raíz que non te ata, senón que te eleva ás gallas dunha árbore infinda”. Quixera aproveitar esta circunstancia para salientar o papel protagonista que ten o corpo e os instintos máis primarios nestes versos nos que se pon nome a procesos vitais (como o embarazo), que as persoas viven e a literatura poucas veces explorou con tanta sinceridade. É de gran importancia esta idea, pois sobre todo ás mulleres prohibíusenos durante moito tempo nomear os nosos corpos e falar do desexo con naturalidade. Nesta apropiación da linguaxe tamén atopo reivindicación feminista, sen o que non se pode entender a totalidade de *Feliz Idade*.

“O pai ancestral e a filla posmoderna sentados xuntos ao pé dunha pereira que fan? De que falan? En que punto da historia se reencontran?”

Ler a Olga Novo supón unha experiencia novidosa, una revolución íntima e un atoparse continuo en cada verso, nesas chiscadelas aos actos revolucionarios dos nosos antepasados, na necesidade de loita pola liberdade de expresión e o propio idioma, na defensa dos corpos e de falar deles sen (auto)censuras, na reivindicación feminista e na construción dun mundo no que as palabras nos axuden a formar cidadás e cidadáns máis libres. Escrito con esa ensamblaxe perfecta de razón e corazón, *Feliz Idade* eríxese como una proposta total que vén para espallar luz na negrura actual.

Fonte: <https://lecturafilia.com/2019/04/01/feliz-idade/>



“A poesía antepón a beleza e o amor ante o desastre”

Entrevista con Olga Novo (Lecturafilia, 2019)



Olga Novo defínese como unha muller nacida na aldea, filla neta bisneta de labregos. E aí, nesa identidade, agroma a poesía, un acto que doe e actúa como bálsamo ao mesmo tempo.

Os versos como indagación e busca da beleza e do amor ante un mundo que torna cara ao desastre. Porque, como ela ben di, “o mundo é mellor se os ollos que o contemplan son sensibles”. *Feliz Idade* nace, pois, da oposición entre a vida e a morte, deses sete anos nos que ela sentiu o declive e perda do pai e o nacemento da filla. Un poemario moi apegado ao rural, ao feminismo e á loita polo noso.

Os versos do poemario *Feliz Idade* combinan a ledicia do nacemento coa tristura da morte dunha forma moi persoal. Como foi a xénese do mesmo?

A xénese dos meus libros conecta sempre coa miña propia experiencia vital. Nese senso, a creación é sempre para min unha emanación emocional, que atopa canle expresiva a través da poesía. No caso concreto deste libro, a súa xestación xorde ao longo de sete anos, nun momento de gran intensidade vital no que conflúen dúas experiencias radicais para calquera ser humano: o nacemento dunha filla e o declive e morte do pai. O cruce desas dúas vidas ante min xera unha explosión creativa, que non é outra cousa máis que a poderosa tentativa da expresión de algo que roza o inefable: o Amor.

Agroma aquí unha fonda conciencia feminista, de falar do corpo sen cadeas. Cres que a poesía axuda a apropiarnos da linguaxe para reivindicar o que nos pertence ás mulleres?

Por suposto. A poesía como toda linguaxe creadora pode ter un gran efecto liberador, pois xorde da nada e crea algo novo. Esa potencialidade abre un horizonte que vai máis aló da linguaxe recta da comunicación cotiá, e polo tanto interroga o real, subvértelo, ultrapásalo. Esa natureza da linguaxe poética, como acontece no amor, posibilita un dicir outro, e nela reside xa que logo, unha posibilidade doutra realidade, doutro pensamento... Un verdadeiro potencial subversivo profundamente liberador para o xénero humano, e polo tanto tamén para as mulleres. Na práctica creadora desa difícil liberdade inscríbese a expresión natural do corpo, neste caso, o dunha muller que escribe desde a autoafirmación non-escindida, pois escribe coa súa mente, co seu corazón e coa súa pel.



Tertulias Literarias

É a poesía para ti un bálsamo ou sofres ao crear?

Ámbalas dúas cousas. Hai moitos textos deste e doutros libros que foron escritos con moita dor, e mesmo chorando durante o propio proceso da escrita; mais sempre a poesía tivo e ten para min un efecto catártico e balsámico, primeiro polo propio pracer inmenso da escrita, e a seguir porque todo canto se realiza desde o amor ou por amor, cauteriza as cicatrices e anaina as emocións. O intre da creación é tamén Feliz Idade.

En estreita relación coa reivindicación atopamos unha homenaxe á sabedoría popular, á terra que te viu nacer. É o libro, tamén, unha defensa das formas tradicionais de vida?

O libro é naturalmente unha obra escrita por unha muller nacida na aldea, filla neta bisneta tataraneta de labregos. Ata onde a memoria alcanza, esa sabedoría popular conforma o meu contexto vital. É lóxico, pois, que a miña escrita, de carácter hiperrromántico, funda as súas raíces no lugar natal; e de xeito paralelo, o alento libertario proxecta este enraizamento cara ao universal e mesmo cara ao cósmico. Neste senso, o que hai no libro, o que hai en min, é unha defensa da harmonía vital e da liberdade radical, e polo tanto das formas de vida máis diversas, entre as cales, claro, se atopa tamén a do noso rural ameazado por un capitalismo feroz que non entende da malla solidaria, do troco de bens, do sentir comunal. A poesía antepón a Beleza e o Amor ante o desastre, pon por diante a entrega e o soño como formas hiperlúcidas de resistencia. E isto tamén é Sabedoría popular.

Así e todo, tes esperanza nos tempos futuros. Es quen de imaxinar a vida dos galegos e galegas de aquí nuns anos? Sobrevivirán as aldeas?

Non creo que sobrevivan tal e como as coñecemos, e de feito na actualidade xa non son como as coñecemos de nenos, e moito menos como as coñeceron os nosos pais e nais cando aínda era un tecido socio-cultural vivo e pleno. Agora ben, como canta Mercedes Sosa, “todo cambia”, e esta verdade universal é un elemento que pode lerse tamén desde a esperanza. Por que non imaxinar outro rural asentado, nunha economía sostible nun modelo ecolóxico? Penso, neste senso, que hai cousas da nosa sociedade rural que é bo que desapareceran, non se trata de idealizar o modo de vida tradicional, que, coma todos, é poliédrico e complexo. Trátase, en todo caso, de imaxinalo vivo, e mellor.

Para escribir poesía necesítase máis corazón ou razón? Cal é a túa experiencia?

Sen corazón non hai razón. Sen corazón non hai nada.

A poesía xermola en calquera momento do día ou hai que sentarse e traballala?



Tertulias Literarias

Para min, a poesía antecede ao poema. A poesía faise, vívese, experimentase, contéplase. Está na vida, está nos outros, está no amor, no pracer, na raíz emocional do ser humano. Logo, hai persoas que tamén a escriben, coma min. Moitas outras non. Pero percíbena, lévana dentro e practícanla. Desde ese punto de vista, pode unha “sentar a traballar” fabrilmente o fegonazo dunha emoción? Por suposto, e respectando tódalas visións diversas que se poden ter do feito creador, para min, unha cousa é a artesanía da escrita, e outra, moi distinta, o trallazo da revelación.

Que pensas das novas voces poéticas que están agromando no panorama literario galego?

No Museo de Lugo hai unha peza escultórica, unha cabeza de muller romana coñecida baixo o nome de “Venus Victrix”: Venus Victoriosa. Sempre me fascinou esa idea... Que Venza Venus. Paralelamente a esta idea penso eu na Vitoria da Poesía. O mundo é mellor se os ollos que o contemplan son sensibles, polo tanto non podo máis que celebrar que xurdan novas voces que verbalicen a realidade desde esta óptica, e en galego. Todas e cada unha destas voces do presente, coma as do pasado, aportan algo inimitable e personalísimo á gran voz comunal. Benvidas sexan.


Cales son os teus referentes literarios á hora de escribir?

Os meus referentes á hora de escribir non son só literarios, senón vitais nun senso profundo. Mais se debo aterme ao plano estritamente literario, os meus referentes son as voces profundas da poesía radical soa, da poesía da escoita e da revelación máis aló de modas, xeracións ou movementos. E nese espazo de creación atemporal conviven, por exemplo, Rosalía e Carmen Blanco, Emily Dickinson e Antonio Gamoneda, Safo e Claudio Rodríguez Fer, Virginia Woolf e Dylan Thomas, Rimbaud e Luz Pozo, André Breton e Iago González...

Tes en marcha algún proxecto do que nos poidas adiantar algo?

Na actualidade estou a escribir unha serie de artigos, que se publican na revista Luzes, baixo a epígrafe “O bosque dos cromosomas”. Trátase doutro xeito de poesía: a procura da intrahistoria do meu lugar natal a través da evocación amorosa de persoas do pasado e do presente que conforman un verdadeiro bosque de cromosomas comunal. Seres anónimos que nunca pasarán á gran Historia dos feitos, pero que sosteñen a vida e forman parte de nós, do noso ADN como pequena comunidade existente neste recuncho do mundo. Traelos a primeiro plano cantando a inmensa dignidade das súas vidas humildes é para min un necesario acto de amor.

Fonte: <https://lecturafilia.com/2019/04/27/entrevista-olga-novo-a-poesia-antepon-a-beleza-e-o-amor-ante-o-desastre/>





Entre a concepción e a desmemoria


Por Miro Villar (Grial nº 222, 2019)

Oito anos de silencio editorial poético separan esta *Feliz Idade*, que acompañan as ilustracións de Din Matamoro, do seu antecedente *Cráter* (2011), mais non de creación porque na «Carta Limiar» (Vilarmao, 23 de agosto de 2018) que Olga Novo escribe a súa filla Lúa xa nos advirte: “O libro que agora tes nas túas maucñas de nena foi vivido ao longo de sete anos, como sete son as direccións do espazo, as puntas da estrela, os sons, as cores e as esferas planetarias”.

E a seguir a poeta sinala a circularidade da súa proposta que xunta nun único elo a concepción e o nacemento da nena e a desmemoria e o pasamento do seu propio pai, pois o libro “Nace contigo, e remata coa morte do meu pai, aínda que o seu bosque de cromosomas ten continuidade en ti”. O ton confesional epistolar non agocha unha reivindicación radical da poesía, mesmo desbotando escribir unha elexía como fixera Rosalía na morte dunha das súas fillas, para defender a súa potencialidade como linguaxe da revelación e como tentativa de superación da dor humana.

Non é a primeira vez que a poeta bota man do xénero epistolar na súa obra, velaí aquel magnífico texto do poemario *A cousa vermella* (2004) que principia así: “29 de xaneiro do 2002. / Querida mamá: estou aprendendo a ladrar. / une saison en enfer, repite comigo Une-Saison-En-Enfer / trinta xeracións de meu analfabetas. / Eu estou aprendendo a ladrar.”

Sete, novamente a importancia cabalística deste número, son as partes nas que se divide o libro, aínda que a primeira sexa un único e longo poema intitulado «Fogonazo» e a derradeira «Harmonía fractal» apareza reducida a dous versos “Feliz / coma un fento”.



«Fogonazo», que se abre co verso de Dylan Thomas “And death shall have no dominion”, é un canto celebratorio da maternidade, aínda que ben diferente daquel *Darío a diario* (1996) de Xela Arias ou das recentes propostas do diario en prosa *Maternosofía* (2010) de Inma López Silva e do ensaio *Maternidade fóra de catálogo* (2018) de Marga Tojo. Unha temática que xa preludiaban os versos “a min, / primeiriza nos partos / chámame o mar para romper augas”, dun dos poemas máis salientables do seu primeiro libro a teta sobre o sol (1ª ed., Edicións do Dragón, 1996; 2ª ed., Letras de Cal, 1999). Un poema no que a cultura clásica, Borges ou a pintura de Klimt acompañan o proceso dual de concepción, coma muller e coma poeta, ou coma poeta e coma muller.

«Poesía en posición fetal» é o significativo título da segunda parte e que congrega oito poemas sobre os diferentes momentos da xestación, que “poñen a funcionar a poesía de verdade”, mais



Tertulias Literarias

que tamén lembran as xeracións anteriores, como no poema «Na chegada da primeira locomotora» onde o diálogo intertextual co coñecido poema de Curros serve para a lembranza daquel tataravó que gañaba a súa vida escavando os túneles para os camiños de ferro ou para algunhas das tarefas da nai, que estaban moi presentes en moitos versos do xa citado *A cousa vermella* (2004), poñamos por caso o poema «Interpretación libre das Gnosiennes para Nina».



Alén diso concíbese o propio acto da creación poética como un exercicio da liberdade fronte a calquera poder establecido que non entende e non se emociona coa vida nova: “Que entende o poder / do amnio / e de nós / que fomos concibidas nunha aldea / no colo do coro comunal de espectros tan queridos”. Máis unha vez na obra de Olga Novo a reivindicación dun mundo rural, e non só como memoria, que se poida confundir con nostalgia, senón como sociedade en transformación. E os lentes cos que cómpre ollar teñen unha óptica anticapitalista, de defensa do ancestral labor comunal, e feminista.

Os cinco poemas da terceira parte, «A Lúa su o negrillo», deveñen nun mosaico que inclúe o diálogo con André Breton e María Zambrano para celebrar o nacemento da filla, mais tamén de novo con Rosalía no antolóxico «En min e en todas», que principia e remata nun verso rotundo e fermoso: “Nalgún poema pasei frío e pasei fame”, para (re)descubrir o carácter inefable da poesía ou para lembrar os avós no «Tantán republicano», un dos textos de linguaxe explícita máis política, que fala da Internacional, a terra de quen a traballa, as barricadas e a loita pola liberdade, e logo a posterior represión e as fosas comúns. E o poema final, que dá título a esta parte, para lle ensinar á filla a árbore que a protexe, os eidos nativos, as trinta xeracións de analfabetas que a preceden (xa lembradas n’*A cousa vermella*) e o lugar, a aldea.

Na cerna os dez poemas de «Zona tigre», que uns versos de Wallace Stevens en memoria do seu pai preanuncian que van acaparar o protagonismo os últimos anos e a desmemoria do pai da autora. Son versos que se interrogan sobre o proceso da comunicación. De feito a voz poética alterna entre o eu e o ti, para establecer un diálogo, non sempre posible na oralidade, que inclúe episodios históricos que lle foron narrados, pois hai referencias a 1938, en plena guerra (in)civil, a unha feira ancaresa de 1952, a aquel debuxo dun tigre pegado no tractor Barreiros..., mentres os desacordes da memoria do pai o levan a chamar pola súa nai ou a tropezar coas sílabas, na deteriorización que se fai poema desgarrador. Os versos describen traballos manuais do mundo rural que xa desapareceron ou foron mecanizados e transformados, coma a propia vida na que Carlos, o irmao, colle a remuda.



Tertulias Literarias

A reflexión metaliteraria enche en boa medida os nove poemas «Da beleza indómita» e nesta parte son moitas as alusións que acompañan a aprendizaxe, de todas as épocas e de todas as literaturas, desde Claudio Rodríguez Fer até Rosalía, con Pimentel, ou desde Pasolini a Safo, con Rilke, Apollinaire ou Lorca, con outras moitas voces e outras músicas e outras artes. E as palabras poesía e poemas a apareceren e reapareceren.

Antes do brevísimo e contundente final, a sexta parte leva por encabezamento o xogo de palabras «Amar es», unha ducia de poemas que se aproximan máis á poética anterior dos primeiros libros publicados *A teta sobre o sol* (1996; 2ª ed., 1999) ou *Nós nus* (1997), de xinea amorosa, velaí o «Amor fou» que pecha, mais agora desprovista case por completo da retórica erótica e celebratoria do corpo, ao tempo que tamén se pecha o círculo con novos versos que describen a crianza, que regresan á metaliteratura ou nos que agroma esa dimensión telúrica ao xeito da poesía courelá de Uxío Novoneira.

E as potentes e fermosas imaxes, ás veces próximas ao surrealismo que a poeta sempre reivindicou, sorprenden coma lóstregos a nosa atención a cada pouco e non embazan a gozosa lectura, a mantenta máis transparente ca noutras entregas, co engado do léxico patrimonial aínda vivo en ámbitos non urbanos e recollido en herdo porque “Da miña lingua probaches o idioma labrego / onde gardo gadañas e angazos canastros de trigo”.

Fonte: <http://crebas.gal/?p=7187>



“Hai persoas que realizan actos de poesía aínda que despois non escriban un só poema”

Entrevista a Olga Novo por Daniel Salgado (Sermos Galiza, 2019)

A *Feliz Idade* (Kalandraka, 2019) da poeta Olga Novo (Vilarmao, A Pobra do Brollón, 1975) é a da creación. A da creación humana e a da creación poética. Salmo vitalista e pregaría pola liberdade, composicións que cantan á materia e cantan á memoria, salutación aos outros, funde poesía e amor. “como o útero me medra / ata alcanzar a dimensión exacta / da poesía”, escribe en Premontaña. “Que toda herdanza sexa a do amor e non a propiedade”, afirma na Carta limiar que endereza á filla acabada de nacer. Novo explica a Sermos Galiza o contexto e as forzas que operan no seu quinto libro de poemas. Eis un extracto da entrevista publicada no semanario en papel.



É difícil preguntar sobre unha poesía tan afirmativa como a súa.

Desde logo, é unha poesía afirmativa, porque é a poesía dunha muller autoafirmada. Eu escribo como vivo, dalgunha maneira. Ás veces preguntanme polos proxectos que teño en marcha e nunca sei que contestar. Porque a poesía, a escrita en xeral, vai nacendo ao mesmo tempo que as experiencias vitais. A poesía xorde na vida. Non teño un proxecto teórico formado, senón que hai creación espontánea. É o sentido dun trallazo, unha concepción un tanto romántica da creación.

O “fogonazo” que titula a primeira sección do libro.

Exactamente. Ese fogonazo é en realidade a irrupción da vida, a concepción dun ser e polo tanto un embarazo. E, no fondo, é tamén o fogonazo da propia creación literaria. De feito ao longo de todo o libro dáse esa identificación entre esas dúas creacións. Ao final, non deixan de ser dúas creacións vitais. Ambas as dúas están moi conectadas, son experiencias do propio corpo, da existencia.

Feliz Idade vai enderezado na carta prólogo á súa filla Lúa. Funciona a poesía como comunicación co que está por vir?

Lúa ten seis anos e o libro nace coa súa concepción. Ademais, desde a miña óptica romántica da creación, ou hiperromántica, pasada por toda a elaboración surrealista, teño unha consideración moi visionaria do propio feito poético. Toda creación leva canda si un tipo de coñecemento e ás veces un coñecemento intuitivo. Vai máis aló do estritamente racional. Pero



Tertulias Literarias

no libro, e dunha maneira máis apegada ao racional, tamén hai unha visión de futuro. A Carta limiar vai encamiñada a unha nena pequena e, ao tempo, fala moito do futuro. Porque é un libro que conecta o pasado co futuro a través dun presente purísimo. Toda esa reflexión sobre a temporalidade, para desfacela ou para integrala, a existencia como un todo, está moi presente no libro.

Rosalía de Castro viña afirmar nas *Dúas palabras* d'a autora de *Follas Novas* que escribía para un pobo que aínda non existía.

En *Feliz Idade* escíbese para un pobo que en parte xa non existe. Se en *Cráter* (Toxosoutos, 2011) escribín para un pobo que está en proceso case de extinción, neste é directamente a desaparición o que sae. Hai poemas en que se canta unha veciñanza que xa non está fisicamente. Outra cousa é que permaneza na memoria e polo tanto siga aí.



É, daquela, a poesía testemuño da historia aínda que a autora non o formule así?

Si, claro. Aínda que cando me poño a escribir nunca o fago desde un proxecto. Nunca sei o que vai aparecer ou acontecer. Mais cando sae, léoo e reléoo, tamén percibo esa idea non tanto da historia senón da intrahistoria. É unha presenza permanente, recorrente. A vida está ancorada nunha serie de intrahistorias. No libro aparece a familiar, a comunal. Se a propia existencia está ancorada nesa microhistoria, nesa historia local, é evidente que o individuo que aparece na escrita vai estar rodeado dese mundo.

Na Carta limiar hai unha frase que é unha autopoética: “A poesía non a hai se non se fai, e non se pode facer se non a hai”. Como se dixese “a poesía é un acto”.

Efectivamente. Creo que é un acto e considero que a poesía precede ao propio poema. A poesía é unha actitude ante a vida, un acto de delicadeza, sobre todo un acto de amor e unha ollada sobre o mundo, unha ollada sensíbel. Entón, considero que hai persoas que realizan actos de poesía no seu día a día aínda que despois non escriban un só poema. E hai persoas que escriben poemas e logo practican pouco a poesía. Desde ese punto de vista, a poesía non se pode facer, non se pode escribir, se previamente non a levamos dentro.

Falaba das dúas creacións, a concepción da filla e a escrita poética. Pero en *Feliz Idade* tamén está a morte, exposta case de xeito descarnado. Mesmo así, é un libro vitalista.



Tertulias Literarias

A existencia, se a concibimos dun xeito integral, está conformada por un ciclo que é a vida e por outro que é a morte. Polo tanto, se aceptamos a existencia como tal, dunha maneira vitalista, ten que aceptarse que a morte se integra igual que a vida na propia existencia. Desde esa aceptación, as referencias á morte fanse dunha maneira moito máis serena. Esas referencias á morte no libro son á morte do meu pai. Cando morre unha persoa morre unha materia individual. Pero a materia non é só o individuo. Esta materia individual ten unha continuidade xenética desa persoa noutras, que é o que eu canto tamén no resto do libro. Hai un poema, Seixo, dedicado ao meu irmán, que fala da reconstrución pedra por pedra da intrahistoria dunha aldea. É un canto á continuidade do labor do pai no fillo. E despois na neta. Hai ademais esa idea de que o amor salva ante a morte.

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/hai-persoas-realizan-actos-poesia-ainda-despois-non-escriban-so-poema/20190424192911078571.html>

Para saber máis:

[Ampla entrevista a Olga Novo en Praza Pública](#)

[Paisajes, olores y lecturas que han marcado a Olga Novo, Premio Nacional de Poesía 2020](#)

[Entrevista na TVG](#)

[Acheguémonos a Olga Novo, Premio Nacional de Poesía 2020 \(AS-PG\)](#)

[Olga Novo recita 'Mientras a herba medre' do poemario Feliz Idade \(Canle Ribeira Sacra\)](#)

[A poesía galega feminina actual: Alba Cid e Olga Novo: Coloquio virtual con Alba Cid e Olga Novo \(AS-PG\)](#)

*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as

